

JULIETA

[Pedro Almodóvar, 2016]

109

ESTREA EN NUMAX: 29.04.2016 | V.O. | +12

Julieta (2016, 96')

Dirección: Pedro Almodóvar

Guión: Pedro Almodóvar (Relatos: Alice Munro)

Reparto: Emma Suárez, Adriana Ugarte, Daniel Grao, Inma Cuesta, Darío Grandinetti, Rossy de Palma, Michelle Jenner, Pilar Castro, Susi Sánchez, Joaquín Notario, Nathalie Poza, Mariam Bachir

Montaxe: José Salcedo

Dirección de arte: Carlos Bodelón, Federico García Cambero

Son: Sergio Birmann

Música: Alberto Iglesias

Fotografía: Jean-Claude Larrieu

Vestuario: Sonia Grande

Produtora: El Deseo (España)

Distribuidora: Warner

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

FILMOGRAFÍA ESCOLLIDA

La piel que habito, 2011

Hable con ella, 2002

Todo sobre mi madre, 1999

¡Átame!, 1990

Mujeres al borde de un ataque de nervios, 1988

¿Qué he hecho yo para merecer esto!!, 1984

Pepi, Luci, Bom y otras chicas del montón, 1980

SINOPSE

Para Julieta os anos oitenta foi unha grande época, a mellor. Pero na actualidade a súa vida é unha catástrofe sen solución. Un filme que fala do destino inevitábel, do complexo de culpa e dese misterio insondábel que nos fai abandonar ás persoas que amamos, borrándoas da nosa vida como se nunca tivesen significado nada. De toda esa dor que provoca o abandono dun ser querido.

«Almodóvar reinvéntase nun calculado, intenso e brillante estudo sobre a perda. Un filme tan monumental como discreto; tan contido como doloroso.»

Luís Martínez. EL MUNDO



JULIETA

[Pedro Almodóvar, 2016]

«A culpa viaxa no tren de Julieta como unha forma de destino fatal»

Entrevista a Pedro Almodóvar
por Alfonso Rivera

Se hai un segmento máxico no teu novo filme é ese que transcorre nun tren e recorda a Hitchcock.

Fascínanme os trens, os de xoguete e os cinematográficos. Sempre soñei con rodar nun de verdade. De todos os medios de transporte da iconografía cinematográfica, o tren é o meu favorito, e transita por todos os xéneros pero as escenas que mellor recuerdo pertencen, efectivamente, a Hitchcock (*Alarma en el expreso*, *Extraños en un tren*, *Con la muerte en los talones*) e Fritz Lang (*Deseos humanos*). Rodar dentro dun talgo dos oitenta foi duro, non só polo reducido do espazo onde apenas cabiamos os actores, a cámara e o operador, senón porque ademais aquilo era un inferno de ácaros. Pero esas escenas eran cruciais, porque o destino de Julieta viaxa dentro do tren. Por iso construí o guión do filme arredor da secuencia do tren nocturno: nun lugar tan metafórico e significativo ela entra en contacto cos dous polos da existencia humana: a morte e a vida.

A fatalidade persegue incansábel ao personaxe central... por que? Hai no filme dúas tráxicas despedidas, produto do azar e a mala sorte, que marcan a conciencia de Julieta. O sentimento de culpa, que tamén contaxia á súa filla, coouse no guión sen me percatar por completo: apareceu cando o dei por terminado, cando as pezas se reaxustan e enriquecen dun xeito autónomo, case sen que interveña o escritor, pois emánao a propia historia. A culpa viaxa no tren de Julieta como unha forma de destino fatal.

Canto hai dos relatos de Alice Munro no guión definitivo? Cando lin *Escapada* pensei en adaptar tres dos seus relatos: *Destino*, *Pronto* e *Silencio*, que teñen en común á protagonista, Juliet, pero non son consecutivos, son historias independentes e tentei

unificalas, engadindo o que fixera falla. Traballei nun primeiro borrador, tratei de facer meus os tres relatos e movínme coa liberdade que esixe a escritura dun guión, aínda que se trate dunha adaptación. Pero ao final gañoume a incerteza: non estaba seguro do guión. Deume medo cambiar de lingua, cultura e xeografía; así que gardei o primeiro borrador, sen un plan concreto ao respecto, aínda que adquirira os dereitos deses relatos.

Como foi adaptar esas tramas a territorio español? Volvín ao borrador hai dous anos, gustoume máis do que agardaba e daquela probei que a historia ocorrese en España. Segundo avanzaba a versión española íame afastando de Alice Munro: tiña que voar coas miñas propias ás. Os seus contos seguen a ser a orixe de *Julieta*, pero se xa é difícil traducir o estilo da escritora canadiana a unha disciplina case oposta á literatura como é o cinema, facela pasar por unha historia española é unha tarefa imposible. Os admiradores de Alice Munro deben ver no meu *Julieta* unha homenaxe á premio Nobel.

Por que o personaxe central volve aos lugares do seu pasado? Creo na repetición e o ensaio: o ser humano vese envolto involuntariamente en situacións que xa viviu anteriormente, como se a vida nos concedese a oportunidade de ensaiar os momentos máis duros antes de que cheguen realmente. Esa idea está presente en *Todo sobre mi madre*: a enfermeira Manuela traballa para a Organización Nacional de Transplantes axudando aos médicos na difícil tarefa de anunciar a morte aos familiares da vítima para despois pedirilles a doazón dalgún dos seus órganos. Unha noite aciaga é Manuela a que debe someterse ao mesmo protocolo, pero como nai da vítima: coñece a escena, viviuna durante anos, pero do lado dos médicos.

Publicada en www.cineuropa.org
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

¿Qué he hecho yo para merecer esto?
Cameo [DVD]

Átame. Cameo [DVD]

Carne trémula. Cameo [DVD]

Entre tinieblas. Cameo [DVD]

Hable con ella. Cameo [DVD]

Kika. Cameo [DVD]

La flor de mi secreto. Cameo [DVD]

La ley del deseo. Cameo [DVD]

La mala educación. Cameo [DVD]

La piel que habito. Cameo [DVD]

Los abrazos rotos. Cameo [DVD]

Los amantes pasajeros. Cameo [DVD]

Mujeres al borde de un ataque de nervios.
Cameo [DVD]

Tacones lejanos. Cameo [DVD]

Volver (Edición coleccionista). Cameo [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org